
Liñas de axudas e subvencións 2009

Dirección, coordinación e
supervisión técnica

C.E.E.I. GALICIA, S.A.

AUTOR Proxectos – Consultoría e formación S.L.

COLABORADOR Ana Núñez González

EDITA C.E.E.I. GALICIA, S.A.

(c) da edición: C.E.E.I. GALICIA, S.A.

D.L

DESEÑO E MAQUETACIÓN Proxectos – Consultoría e formación S.L.

Producciones Khartum S.L.

IMPRIME

Santiago de Compostela, C.E.E.I. GALICIA, S.A. 2009

Quedan rigorosamente prohibidas, sen a autorización escrita dos titulares do "Copyright", baixo as sancións establecidas nas leis, a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento, incluídas a reprografía e o tratamento informático e a distribución de exemplares dela mediante aluguer ou préstamos públicos.

ÍNDICE

0. INTRODUCCIÓN	5
1. AXUDAS E SUBVENCIONES PARA AUTÓNOMOS	9
1.1 Axudas e subvencions para empresas promovidas por autónomos	11
1.2 Axudas á creación de empresas promovidas por autónomos	35
1.3 Axudas financeiras	45
1.4 Axudas para as análises, diagnóses e estudos empresariais	69
1.5 Axudas para a participación de eventos internacionais	71

0. Introducción



Preséntase neste caderno de axudas e subvencións unha relación das principais liñas públicas de apoio á empresa, promovidas por autónomos susceptibles de solicitude ao longo do ano 2009, é dicir, unha relación daqueles apoios en vigor no momento da publicación do documento. Primou na súa elaboración o interese por mostrar todos os programas que adoitan convocarse de forma cíclica, fronte ao ofrecer unicamente aqueles apoios en vigor no momento da publicación do documento.

As axudas poden clasificarse basicamente en función de dous criterios:

1. Segundo o ámbito de actuación da autoridade convocante da axuda (comunitarias, estatais, autonómicas e locais).
2. Segundo a forma que adopta a axuda, en canto á materia concreta á que se destina.

No presente caderno optamos pola segunda das opcións, resultando a seguinte clasificación:

- » Axudas ao emprego. Serán aquelas cuxo obxecto sexa establecer incentivos á contratación.
- » Axudas á creación de empresas. Serán aquelas cuxo obxecto sexa promover a creación de empresas.
- » Axudas financeiras. Serán aquelas cuxo obxecto sexa a concesión de préstamos, créditos ou avais.
- » Axudas para as análises, diagnósticos e estudos empresariais. Serán aquelas cuxo obxecto sexa promover e facilitar o acceso da empresa á realización de estudos.
- » Participación en eventos internacionais. Serán aquelas cuxo obxecto sexa promover a participación de empresas en feiras, congresos, reunións, etc., no estranxeiro.

Algunhas axudas poderían encadrarse en máis dun dos grupos anteriormente definidos; nestes casos, optouse por incluíla naquela tipoloxía que mellor a represente.


Para facilitar a súa consulta, preséntanse en formato ficha, na que se recollen os principais parámetros de cada liña:

- título da axuda
- organismo convocante
- obxecto
- beneficiarios
- contía das axudas
- prazo de presentación
- referencia legislativa

Dado que a convocatoria de axudas e subvencións é un proceso continuado ao longo de todo o ano, neste documento poderán atoparse liñas que estean fora de prazo, e non estarán recollidas outras liñas convocadas con posterioridade ao peche desta publicación.

Poderase acceder a información **permanentemente actualizada** a este respecto, no web do Servizo de Asesoramento ao Autónomo -<http://www.autonomosgalia.org>- ou ben directamente na base de datos de Axudas do IGAPE <http://app.igape.es/axudas/>

1. Axudas e subvencións para autónomos



Axudas e subvencións para empresas promovidas por autónomos

TÍTULO DA AXUDA	<i>PROGRAMA DE INCENTIVOS A PLANS EMPRESARIAIS DE ESTABILIDADE LABORAL</i>
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	Establecer incentivos a la contratación indefinida inicial o por transformación de contratos temporales en indefinidos.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos de acordo cos requisitos e condicións que se establecen na orde da convocatoria.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Os incentivos ás contratacións indefinidas determinaranse en atención á taxa de estabilidade laboral que se alcance como consecuencia das contratacións realizadas no período de referencia; e segundo se trate dunha contratación inicial ou de conversións de contratos temporais en indefinidos, de acordo co seguinte:</p> <p>1.- Plans empresariais de estabilidade vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade:</p> <p>a) Contratacións indefinidas realizadas para alcanzar a taxa de estabilidade mínima que estableza o acordo sobre a taxa sectorial de estabilidade e ata dita taxa incrementada nun 50% da diferenza entre a taxa de estabilidade mínima e a taxa de estabilidade inicial:</p> <p>a.1) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas, incentivaranse cunha axuda de 3.000 €, incrementándose ata 3.750 € cando as contratacións se realicen con mulleres.</p> <p>a.2) As transformacións de contratos temporais en indefinidos incentivaranse cunha axuda de 2.500 €, incrementándose ata 3.250 € cando as contratacións se realicen con mulleres.</p>

b) Contratacións indefinidas coas que se alcance unha taxa de estabilidade superior á taxa de estabilidade mínima, incrementada nun 50% da diferenza entre a taxa de estabilidade mínima e a taxa de estabilidade inicial.

b.1) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas incentivaranse cunha axuda de 4.500 €, incrementándose ata 5.500 € cando as contratacións se realicen con mulleres.

b.2) As transformacións de contratos temporais en indefinidos, incentivaranse cunha axuda de 3.750 €, incrementándose ata 4.500 € cando as contratacións se realicen con mulleres.

Estas contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións as realicen microempresas.

2.- Plans empresariais de estabilidade non vinculados a acordos sobre a taxa sectorial de estabilidade

a) Taxa de estabilidade alcanzada do 75% e ata o 90%:

a.1) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas incentivaranse cunha axuda de 3.000 €, incrementándose ata 3.750 € cando as contratacións se realicen con mulleres.

a.2) As transformacións de contratos temporais en indefinidos incentivaranse cunha axuda de 2.500 €, incrementándose ata 3.250 € cando as contratacións se realicen con mulleres.

b) Taxa de estabilidade alcanzada de máis do 90%:

b.1) As contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas incentivaranse cunha axuda de 4.500 €, incrementándose ata 5.500 € cando as contratacións se realicen con mulleres.

b.2) As transformacións de contratos temporais en indefinidos incentivaranse cunha axuda de 3.750 €, incrementándose ata 4.500 € cando as contratacións se realicen con mulleres.

Estas contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións as realicen microempresas.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo remata o 30 de xuño de 2009, debendo estar todas as contratacións realizadas antes do 30 de setembro de 2009.

REFERENCIA LEGISLATIVA

Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG nº 15, do 15/01/09) - Bases e convocatoria 2009.

TÍTULO DA AXUDA	<i>INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE.</i>
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	Incentivar a contratación indefinida de traballadores desempregados cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, coa finalidade de fomentar e favorecer a súa integración laboral no sistema ordinario de traballo.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que contraten con carácter indefinido traballadores con discapacidade desempregados ou procedentes de centros especiais de emprego, ou no suposto da incorporación ás empresas colaboradoras dos traballadores con discapacidade procedentes dun enclave laboral, inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego; ou transformen en indefinidos contratos formativos e contratos temporais de fomento
CONTÍA DAS AXUDAS	<ul style="list-style-type: none"> - Unha subvención de ata 3.907 € por cada traballador con discapacidade contratado por tempo indefinido a xornada completa, ou a parte proporcional se é a tempo parcial. - Un incentivo adicional de ata 600 € no caso de contratación indefinida de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 49%. - Cando se trate dunha contratación indefinida dunha muller con discapacidade, establecerase un incentivo adicional aos anteriores de ata 600 €, calquera que sexa o seu grao de minusvalía. - Unha subvención de ata 902 €, para a adaptación dos postos de traballo ou para a dotación de medidas de protección persoal necesarias para evitar accidentes laborais ao traballador discapacitado ou para eliminar barreiras ou obstáculos que impidan ou dificulten o traballo dos traballadores discapacitados. - No caso de empresas colaboradoras que contraten con carácter indefinido un traballador con discapacidade, segundo o previsto no RD 290/2004, do 20 de febreiro, que presenten especiais dificultades para o acceso ao mercado ordinario de traballo, nos supostos de persoas con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%, ou persoas con discapacidade física ou sensorial, cun grao de minusvalía igual

ou superior ao 65%, a axuda será de ata 7.814 € por cada traballador contratado a xornada completa. Poderá acollerse tamén á axuda para a adaptación de postos de traballo.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo xeral para a presentación de solicitudes finalizará o 15 de setembro de 2009.

As solicitudes de axuda á contratación deberán presentarse nos 2 meses seguintes á data na que se inicie a relación laboral en virtude dunha contratación inicial ou se produza a transformación do contrato en indefinido, respectando en todo caso o prazo xeral.

As solicitudes de axuda para a adaptación de postos de traballo deberán presentarse antes do inicio de dita adaptación.

As solicitudes de axudas polas contratacións indefinidas ou transformacións de contratos temporais en indefinidos realizadas entre o 16 de setembro de 2008 e a data de publicación da orde, deberán presentarse ata o 31 de marzo de 2009.

REFERENCIA LEXISLATIVA

Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG nº 12, do 19 de xaneiro de 2009) – Bases e convocatoria 2009.

TÍTULO DA AXUDA	<i>PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DE MOZOS/AS CON TITULACIÓN DE DIFÍCIL EMPREGABILIDADE</i>
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	Proporcionar experiencialaboralaaquelesmozos/asdesempregados/as, cuxas titulacións profesionais presentan especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que cumpran as seguintes condicións: que contraten traballadores/as desempregados/as e inscritos no Servizo Público de Emprego, para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen na orde da convocatoria.
CONTÍA DAS AXUDAS	Os contratos en prácticas que se realicen con mozos titulados, segundo o establecido no artigo 11 do Estatuto dos Traballadores, incentivaranse nunha contía de ata 1.000 €, incrementándose ata 4.000 € se se realizan con mulleres tituladas. Estas contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións sexan realizadas por microempresas.
PRAZO DE PRESENTACIÓN	As axudas solicitaranse nos dous meses seguintes á data na que se inicie a relación laboral, con data límite do 15 de setembro de 2009, aínda que nesta data non transcorreran dous meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención. O 31 de marzo de 2009 finalizou o prazo para a presentación das solicitudes de axudas polas contratacións que se realizaron desde o 16 de setembro de 2008 e ata a data de publicación desta orde.
REFERENCIA LEXISLATIVA	Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2009) – Bases e convocatoria 2009.

**TÍTULO DA
AXUDA**

***PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN
POR CONTA ALLEA DE PERSOAS TRABALLADO-
RAS PERTENCENTES A COLECTIVOS EN RISCO
DE EXCLUSIÓN SOCIAL***

ORGANISMO

CONSELLERÍA DE TRABALLO

OBXECTO

Favorecer o emprego estable e facilitar a inserción laboral dos traballadores/as que presentan desvantaxes e dificultades particulares para acceder e permanecer no mercado de traballo.

BENEFICIARIOS

Entre outros, autónomos que contraten traballadores/as pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, para prestar servizos en centros de traballo establecidos na Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos e de acordo cos requisitos e condicións establecidas na orde.

**CONTÍA DAS
AXUDAS**

- As contratacións indefinidas, sexan iniciais ou por transformación de contratos temporais, realizadas con persoas traballadoras pertencentes a algún dos colectivos en risco de exclusión social, incentivaranse cunha axuda, pagadera dunha soa vez. Consistirá nunha subvención por unha contía equivalente ao importe do 30% da base mínima do grupo de cotización ao que pertence o traballador contratado, establecida para cada ano da convocatoria, calculada sobre 3 anualidades, ata un máximo de 12.000 €.
- Os contratos temporais, sempre que teñan unha duración mínima de 6 meses e se realicen con traballadores/as desempregados/as pertencentes a algún dos colectivos en risco de exclusión social, incentivaranse de acordo coa seguinte escala:

DURACIÓN DO CONTRATO	AXUDAS
6 meses	2.520 €
7 meses	2.940 €
8 meses	3.360 €
10 meses	4.200 €
11 meses	4.620 €
12 meses	5.040 €

As contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións sexan realizadas por microempresas.

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN**

O prazo para a presentación das solicitudes será de 2 meses contados desde a data na que se inicie a relación laboral ou se produza a transformación do contrato temporal en indefinido.

O prazo para a presentación rematará o 15 de setembro de 2009, aínda que en dita data non transcorresen 2 meses desde a celebración do contrato obxecto da subvención.

**REFERENCIA
LEXISLATIVA**

Orde do 26 de febreiro de 2009 (DOG nº 43, do 3 de marzo de 2009) – Bases e convocatoria 2009.

TÍTULO DA AXUDA	<i>PROGRAMA DE AXUDAS A EMPRESARIOS SEN ASALARIADOS POLA CONTRATACIÓN DA SÚA PRIMEIRA PERSOA TRABALLADORA FIXA</i>
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	Incidir nos empresarios sen asalariados para que contraten o seu primeiro traballador fixo, coa finalidade de impulsar a capacidade de creación de emprego das pequenas empresas e favorecer a inserción laboral de desempregados.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos sen asalariados que contraten con carácter indefinido o seu primeiro empregado. Sempre que este sexa desempregado, inscrito no Servizo Público de Emprego e pertenza a algún dos colectivos desfavorecidos relacionados na orde, para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.
CONTÍA DAS AXUDAS	A axuda consistirá nunha subvención de contía equivalente ao importe do 30% de base mínima do grupo de cotización ao que pertenza o traballador contratado, calculada sobre 3 anualidades. En ningún caso, a axuda poderá superar a contía de 4.500 € se o contrato se realiza a xornada completa ou a parte proporcional se se realiza a tempo parcial. Cando a contratación se realice con mulleres, o límite incrementárase ata 6.000 €.
PRAZO DE PRESENTACIÓN	A axuda solicitarase nos 2 meses seguintes á data na que se inicie a relación laboral. O prazo para a presentación das axudas finalizará o 15 de setembro de 2009, aínda que nesta data non transcorreran 2 meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.
PRAZO DE PRESENTACIÓN	Orde do 11 de marzo de 2009 (DOG nº 53, do 17 de marzo de 2009) – Bases e convocatoria 2009.

TÍTULO DA AXUDA	<i>PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL DE COLECTIVOS DE DES-EMPREGADOS CON MAIORES DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL</i>
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	Fomentar a creación de postos de traballo de calidade e favorecer a inclusión social mediante o apoio á inserción laboral das categorías de traballadores que presentan desvantaxes e dificultades particulares para acceder e permanecer no mercado de traballo.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que cumpran a seguinte condición: cunha taxa de empregabilidade igual ou superior ao 75%, contraten traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Incentivos á contratación indefinida inicial:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As contratacións indefinidas iniciais, incluídos os fixos-descontinuos, realizadas con traballadores desempregados pertencentes a algún dos colectivos relacionados na base 3ª de dita convocatoria incentivaranse cunha axuda de ata 5.000 €. Estas axudas veranse incrementadas nun 50% para o caso de microempresas. - Cando se trate de contratación a tempo parcial, a contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria legal.
PRAZO DE PRESENTACIÓN	<p>O prazo para a presentación das solicitudes de axudas será de 2 meses contados desde a data na que se inicie a relación laboral.</p> <p>O prazo para a presentación de solicitudes finalizará o 15 de setembro aínda que nesta data non transcorresen 2 meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.</p>
REFERENCIA LEXISLATIVA	Orde do 11 de marzo de 2009 (DOG nº 53, do 17 de marzo de 2009) – Bases e convocatoria 2009.

**TÍTULO DA
AXUDA**

**PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN
INDEFINIDA INICIAL VINCULADA A PROXEC-
TOS I+D**

ORGANISMO

CONSELLERÍA DE TRABALLO

OBXECTO

Favorecer a inserción laboral con carácter estable dos mozos titulados mediante incentivos á contratación indefinida a proxectos I+D.

BENEFICIARIOS

Entre outros, autónomos que formalicen contratos indefinidos iniciais vinculados a proxectos I+D, a tempo completo ou a tempo parcial; incluídos os fixos discontinuos, con mozos titulados universitarios ou de formación profesional de segundo grao o de ciclo superior, desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego no momento da contratación, para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que concorran algunha das circunstancias que se recollen na orde.

**CONTÍA DAS
AXUDAS**

- A contratacións indefinidas a xornada completa vinculadas a proxectos I+D que cumpran os requisitos establecidos na orde, incentivaranse cunha axuda de 3.000 €, incrementándose a unha contía de 5.000 € cando se realicen a mulleres tituladas.
- Cando o traballador contratado posúa o título universitario de doutor, os incentivos previstos no número anterior incrementaranse nunha contía de ata 600 € se son homes, e de ata 1.000 € se se trata de mulleres.

Estas contías veranse incrementadas nun 50% para o caso de microempresas.

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN**

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas será de 2 meses contados desde a data na que se inicie a relación laboral.

O prazo para a presentación de solicitudes finalizará o 15 de setembro aínda que nesta data non transcorresen 2 meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.

**REFERENCIA
LEXISLATIVA**

Orde do 11 de marzo de 2009 (DOG nº 53, do 17 de marzo de 2009) – Bases e convocatoria 2009.

TÍTULO DA AXUDA	<i>PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE MOZOS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORES QUE FINALIZAN A SÚA VIDA LABORAL</i>
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	Favorecer a substitución, nos cadros de persoal das empresas dos traballadores e traballadoras próximos/as á xubilación por persoas novas.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que contraten persoas traballadoras con idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego, para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen na orde da convocatoria.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Nos contratos de remuda e de substitución por anticipación da idade de xubilación, de duración non inferior a 12 meses, poderán os beneficiarios obter unha axuda de ata un máximo de 1.500 €, que se pode incrementar ata 2.500 € cando a contratación se realice con mulleres.</p> <p>Nos contratos de remuda e de substitución por anticipación da idade de xubilación de carácter indefinido, os beneficiarios poderán obter unha axuda, pagadera dunha soa vez, que consistirá nunha subvención de contía de ata un máximo de 7.500 €, que se pode incrementar ata 12.000 € cando a contratación se realice con mulleres.</p> <p>Estas contías veranse incrementadas nun 50% para o caso de empresas de menos de 10 traballadores/as.</p>
PRAZO DE PRESENTACIÓN	As axudas solicitaranse nos dous meses seguintes á data na que se inicie a relación laboral, con data límite do 15 de setembro de 2009, aínda que nesta data non transcorresen dous meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.
REFERENCIA LEXISLATIVA	Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2009) – Bases e convocatoria 2009.

TÍTULO DA AXUDA	<i>PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DE MOZOS/AS CON TITULACIÓN DE DIFÍCIL EMPREGABILIDADE</i>
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	Proporcionar experiencia laboral a aqueles mozos/as desempregados/as, cuxas titulacións profesionais presentan especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que contraten traballadores/as desempregados/as e inscritos no Servizo Público de Emprego, para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen na orde da convocatoria.
CONTÍA DAS AXUDAS	Os contratos en prácticas que se realicen con mozos titulados, segundo o establecido no artigo 11 do Estatuto dos Traballadores, incentivaranse nunha contía de ata 1.000 €, incrementándose ata 4.000 € se se realizan con mulleres tituladas. Estas contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións sexan realizadas por microempresas.
PRAZO DE PRESENTACIÓN	As axudas solicitaranse nos dous meses seguintes á data na que se inicie a relación laboral, con data límite do 15 de setembro de 2009, aínda que nesta data non transcorreran dous meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención. O 31 de marzo de 2009 finalizou o prazo para a presentación das solicitudes de axudas polas contratacións que se realizaron desde o 16 de setembro de 2008 e ata a data de publicación desta orde.
REFERENCIA LEXISLATIVA	Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2009) – Bases e convocatoria 2009.

TÍTULO DA AXUDA	<i>PROGRAMA DE CREACIÓN DE NOVOS EMPREGOS PARA MOZOS TITULADOS NAS EMPRESAS DE MENOS DE 30 TRABALLADORES</i>
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	Facilitar a incorporación en prácticas de persoas novas titulados/as a novos postos de traballo creados en pequenas empresas galegas cos obxecto de mellorar os sistemas organizativos e produtivos delas e/ou a innovación.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que contraten traballadores/as por conta allea para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia de acordo aos requisitos e condicións que se establezan nas bases da orde, e sempre que o cadro de persoal sexa inferior a 30 persoas traballando.
CONTÍA DAS AXUDAS	Os contratos en prácticas que se realicen con mozos/as titulados/as e que reúnan os requisitos establecidos nas bases, incentivaranse na contía de 1.250 €, incrementándose a 3.000 € cando se realicen con mulleres tituladas. Estas contías veranse incrementadas nun 50% cando as contratacións sexan realizadas por microempresas.
PRAZO DE PRESENTACIÓN	As axudas solicitaranse nos dous meses seguintes á data na que se inicie a relación laboral, con data límite do 15 de setembro de 2009, aínda que nesta data non transcorreran dous meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.
REFERENCIA LEXISLATIVA	Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2009) – Bases e convocatoria 2009.

**TÍTULO DA
AXUDA*****PROGRAMA DE FOMENTO DA CONTRATACIÓN
INDEFINIDA INICIAL DE MOZOS DESEMPREGA-
DAS/OS*****ORGANISMO**

CONSELLERÍA DE TRABALLO

OBXECTO

Fomentar a incorporación dun modo estable no mercado de traballo dos/as mozos/as cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, mediante dúas medidas:

- A subvención do período de proba.
- A subvención da contratación indefinida inicial.

BENEFICIARIOS

Entre outros, autónomos que contraten mozos traballadores/as cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, desempregados e inscritos no Servizo Público de Emprego para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo aos requisitos e condicións que se establezan nas bases da orde.

**CONTÍA DAS
AXUDAS**

Incentivos á contratación indefinida inicial:

- Os contratos indefinidos, celebrados a xornada completa ou a tempo parcial, incluídos os fixos-descontinuos, realizados con traballadores/as desempregados/as, cunha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos, ambos inclusive, poderán obter unha axuda de ata un máximo de 5.000 €, incrementándose ata 7.500 €, cando se realicen a mulleres.
- O período de proba que se acorde no contrato indefinido poderá ser obxecto dunha subvención equivalente ao custo salarial total de 2 meses, sen que en ningún caso esta axuda poida ser superior a 3.000 €.

Estas contías incrementaranse nun 50% cando as contratacións sexan realizadas por microempresas.

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN**

As axudas solicitaranse nos dous meses seguintes á data na que se inicie a relación laboral, con data límite do 15 de setembro de 2009, aínda que nesta data non transcorreran dous meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.

**REFERENCIA
LEXISLATIVA**

Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2009) – Bases e convocatoria 2009.

TÍTULO DA AXUDA	<i>INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DIRIXIDOS A FAVORECER A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR</i>
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	Promover a igualdade de oportunidades no acceso e permanencia no emprego de homes e mulleres e promover a corresponsabilidade do home e da muller nas tarefas que levan consigo a paternidade e outras situacións pertencentes ao ámbito da familia, mediante a concesión de incentivos dirixidos a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos de acordo cos requisitos e condicións que se establecen na orde da convocatoria.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>1. Axudas pola reincorporación á empresa tras un período de descanso por causa da cesión ao traballador de permiso de maternidade.</p> <p>Requisitos:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Que o período de descanso gozado polo traballador que se reincorpora tras un período de descanso por causa da cesión ao traballador do permiso maternidade, fora igual ou superior á metade do período máximo legal. b) Que durante ditos períodos de descanso se formalizasen contratos de interinidade para a substitución dos traballadores polos que se solicita a axuda pola súa reincorporación, cunha duración equivalente, como mínimo, ao 80% do período de descanso do traballador substituído. c) Que o traballador se reincorpore ao seu posto de traballo en virtude dunha relación laboral de carácter indefinido ou, no caso dos autónomos, para o desempeño dunha actividade profesional, habitual, persoal e directa. <p>Contía:</p> <p>Unha subvención, pagadera dunha soa vez, en contía equivalente ao importe das cotas empresariais á Seguridade Social por contingencias comúns, correspondentes á base mínima para o ano 2009 do grupo de cotización ao que pertenza o traballador que se reincorpora; ou, no seu caso, ao importe do 100% das cotas correspondentes á base mínima de cotización do correspondente réxime da Seguridade Social para traballadores autónomos, en ambos casos calculada sobre 12 mensualidades.</p>

2. Axudas para a substitución de persoas traballadoras en excedencia para o coidado de familiares ou con redución da xornada de traballo por motivos familiares.

Subvencionaranse os contratos de interinidade, que se celebren con traballadores desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación, para a substitución de persoas traballadoras en excedencia por coidado de familiares, por un período non inferior a catro meses nin superior a tres anos. E sempre que en virtude de disposición legal ou convenio colectivo se trate dunha excedencia con reserva de posto de traballo, ou traballadores con redución da xornada de traballo por motivos familiares.

Contía:

Unha axuda de ata 2.400€ que se reducirá proporcionalmente cando a súa duración sexa por un período inferior a un ano ou á parte proporcional correspondente cando o contrato de interinidade se celebre a tempo parcial.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

26

Dous meses contados desde a data na que se produza a reincorporación ao posto de traballo tras un proceso de paternidade ou se inicie a relación laboral en virtude dun contrato de interinidade. A data límite é o 15 de setembro de 2009, aínda que nesta data non transcorresen 2 meses desde a celebración do contrato obxecto da subvención.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas pola reincorporación á empresa tras un período de descanso por causa da cesión ao traballador de permiso de maternidade ou polas contratacións de interinidade para a substitución de persoas traballadoras en excedencia para o coidado de familiares ou con redución da xornada de traballo por motivos familiares realizadas entre o 16 de setembro de 2008 e a data de publicación desta orde que finaliza o 31 de marzo de 2009.

REFERENCIA LEXISLATIVA

Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG N° 9 do 14/01/2009)
- Bases reguladoras e convocatoria 2009.

TÍTULO DA AXUDA	<i>INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA DAS MULLERES COMO MEDIDA PARA LOGRAR UN MERCADO DE TRABALLO IGUALITARIO</i>
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	Facilitar a inserción laboral das mulleres traballadoras que presentan desvantaxes e dificultades particulares para acceder ou permanecer no mercado de traballo.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que contraten por conta allea traballadoras pertencentes aos colectivos relacionados nesta orde, para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>As contratacións indefinidas iniciais, a xornada completa ou a tempo parcial, incentivaranse cunha axuda de 7.500 €, pagaderos dunha soa vez, cando a muller desempregada contratada pertenza a algún dos seguintes colectivos:</p> <ol style="list-style-type: none"> Titulares de familias monoparentais que teñan cargas familiares ou mulleres desempregadas de unidades familiares nos que ningún dos seus membros en idade laboral obteña rendas de calquera natureza superiores ao 75% do IPREM vixente no momento da solicitude. Cando se contraten para prestar servizos en profesións ou ocupacións nas que se encontren subrepresentadas segundo a orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do 16 de setembro de 1998 (BOE do 29 de setembro), para o fomento de emprego estable das mulleres nas profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino. Que se reincorporen ao mercado de traballo tras unha ausencia prolongada dun mínimo de dous anos. Que sexan contratadas nos 24 meses seguintes á data do parto. Demandantes do primeiro emprego. Que finalicen o seu itinerario personalizado de inserción nunha ocupación e que sexan contratadas nela. Que sexan emigrantes retornadas. Procedentes de empresas en crise ou que procedan de empresas pertencentes a sectores en reestruturación.

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN**

Dous meses desde a contratación, con límite do 15 de setembro de 2009, aínda que en dita data non transcorreran 2 meses desde a celebración do contrato obxecto da subvención.

**REFERENCIA
LEXISLATIVA**

Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG nº 10, do 15 de xaneiro de 2009) – Bases e convocatoria 2009.

TÍTULO DA AXUDA	PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	<p>Promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que faciliten a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadores ou traballadoras autónomos/as ou por conta propia.</p> <p>Tipos de apoio:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Subvención polo establecemento como traballador ou traballadora autónoma ou por conta propia. - Subvención financeira. - Subvención para asistencia técnica. - Subvención para formación. - Axuda excepcional.
BENEFICIARIOS	<p>As persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadores/as autónomos/as ou por conta propia, sempre que:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Sexan titulares ou cotitulares do negocio ou explotación. • Se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial. • Non percibiran subvencións de acordo ao programa de promoción do emprego autónomo nos últimos 4 anos anteriores á data de inicio da nova actividade. • Non desenvolveran a mesma actividade como traballador autónomo nos últimos seis meses, ou en distinta nos últimos tres meses.

CONTÍA DAS AXUDAS

Subvención polo establecemento como traballador por conta propia:

- A. 5.000 € para desempregados en xeral.
- B. 6.000 € para mozos desempregados de 30 ou menos anos.
- C. 7.000 € para mulleres desempregadas.
- D. 7.500 € para emigrantes retornados/as e traballadores ou traballadoras procedentes de empresas en crise.
- E. 8.000 € para persoas desempregadas con discapacidade ou pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social.
- F. 10.000 € para mulleres desempregadas con discapacidade, en risco ou situación de exclusión social.

No caso de comunidades de bens e sociedades civís o investimento mínimo esixido será por cada socio/a individual da sociedade, sexa ou non beneficiario/a da subvención, e en proporción á súa participación na mesma.

Subvención financeira de redución de xuros

A subvención financeira ten por finalidade facilitar a creación do seu propio posto de traballo, mediante a redución de xuros de préstamos necesarios para a súa constitución como traballador/a autónomo/a, tendo en conta que como mínimo o 75% do préstamo deberá destinarse a financiar investimentos en inmovilizado fixo, podendo destinarse ata un 25% a financiar o activo circulante. En todo caso, deberá acreditarse un investimento en inmovilizado fixo por importe non inferior a 3.000 € (sen incluír o IVE) realizado entre o período comprendido entre os 3 meses anteriores ao inicio da actividade e os 6 meses posteriores a dito inicio.

Esta subvención será como máximo de catro puntos do tipo de xuro fixado pola entidade financeira que conceda o préstamo, sen que en ningún caso o tipo de xuro que deba satisfacer o beneficiario, despois de calculada a subsidiación, poida resultar inferior a un punto.

A subvención financeira terá como límite máximo as contías seguintes:

- 5.000 € para desempregados en xeral.
- 6.000 € para mozos desempregados de 30 ou menos anos.
- 7.000 € para mulleres desempregadas.
- 7.500 € para emigrantes retornados/as e traballadores/as procedentes de empresas en crise, persoas desempregadas de longa duración, e traballadores/as procedentes de empresas de sectores de actividade de reestruturación.
- 8.000 € para persoas desempregadas con discapacidade ou pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social.
- 10.000 € para mulleres desempregadas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

No caso de microcréditos concedidos a persoas desempregadas con discapacidade ou pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, a subvención poderá ser o custo total dos gastos financeiros, cos límites máximos sinalados anteriormente.

Subvención para asistencia técnica financia os custos dos servizos externos de estudos:

- Desenvolvemento da actividade empresarial.
- De viabilidade.
- Organización.
- Comercialización.
- Diagnoses ou outros de natureza análoga.

A contía desta axuda será do 75% do custo dos servizos prestados, ata un máximo de 1.000 €.

Subvención para formación financia o custo de cursos, relacionados coa dirección e xestión empresarial e novas tecnoloxías de información e comunicación, integramente desenvolvidos entre os 3 meses anteriores e os 6 meses posteriores ao inicio da actividade.

A contía desta axuda será do 75% do custo dous cursos recibidos, ata un máximo de 3.000 €.

- Axuda excepcional financia os primeiros gastos da actividade realizados nos 3 meses anteriores e nos 6 meses seguintes ao inicio da actividade en concepto de compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, gastos de constitución, publicidade, alugamento do local, maquinaria e seguro do local (excluído o IVE).

A contía da axuda será de 2.400 € e 3.600 €, dependendo do tipo de colectivo.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo xeral para a presentación de solicitudes de axudas ao programa para a promoción do emprego autónomo finalizará o 15 de setembro de 2009, aínda que non transcorreran os prazos específicos previstos para cada tipo de axuda.

32

REFERENCIA LEXISLATIVA

Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG N° 10 do 15/01/2009)
- Bases e convocatoria 2009.

TÍTULO DA AXUDA	<i>ABONO DAS COTAS Á SEGURIDADE SOCIAL DOS TRABALLADORES QUE PERCIBISEN A PRESTACIÓN DE DESEMPREGO NA MODALIDADE DE PAGO ÚNICO</i>
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	Procedemento de abono das cotas da Seguridade Social dos/as traballadores/as que percibisen a prestación por desemprego, na súa modalidade de pago único.
BENEFICIARIOS	Traballadores desempregados que percibirán a prestación por desemprego na súa modalidade de pago único.
CONTÍA DAS AXUDAS	Abono do 50 por 100 da cota ao réxime correspondente da Seguridade Social como traballador ou traballadora autónomo/a, calculada sobre a base mínima de cotización, ou o 100 por 100 da achega do traballador ou traballadora nas cotizacións ao correspondente réxime da Seguridade Social, durante o período polo que se percibirá a prestación por desemprego de non ter sido percibida na modalidade de pago único; computándose, para efectos desta axuda, a partir da data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.
PRAZO DE PRESENTACIÓN	<p>A persoa beneficiaria do abono das cotas á Seguridade Social regulado nesta orde deberá presentar unha única solicitude por todas as mensualidades ás que teña dereito no prazo de 6 meses contado desde o último día do primeiro mes en que teña dereito ao abono.</p> <p>O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 15 de setembro. Cando o prazo de 6 meses finalice con posterioridade ao 15 de setembro, a solicitude poderá presentarse a partir do 1 de xaneiro do exercicio seguinte e ata o 31 de maio.</p>
REFERENCIA LEXISLATIVA	Orde do 5 de agosto de 2008 (DOG N° 176 do 11/09/2008) - Bases e convocatoria 2008.

Axudas á creación de empresas promovidas por autónomos

TÍTULO DA AXUDA	<i>PROGRAMA DE INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA (IEBT) AXUDAS E SUBVENCIONES</i>
ORGANISMO	CONSELLERÍA DE TRABALLO
OBXECTO	Facilitar e impulsar a posta en marcha daqueles proxectos empresariais innovadores de contido científico e/ou tecnolóxico, previamente cualificados como iniciativas de emprego de base tecnolóxica. (IEBT).
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que constitúan e inicien a súa actividade no prazo non superior a un ano desde que o proxecto empresarial foi cualificado como Iniciativa de Emprego de Base Tecnolóxica. (IEBT).
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Axuda á creación de emprego estable:</p> <p>A creación de postos de traballo estables de carácter indefinido, xa sexan por conta propia ou allea, que sexan ocupados por persoas desempregadas inscritas como tales no Servizo Público de Emprego ou por un traballador autónomo inscrito en dito Servizo que realicen un traballo por conta allea cunha prestación de servizos inferior ou igual a 2 horas diarias, 12 semanais ou 48 mensuais, incentivaranse cada unha delas cunha subvención de ata 6.300 €. No suposto de que sexa ocupado por unha traballadora desempregada, o incentivo incrementarase nunha contía de ata 600 €.</p> <p>Cando o posto de traballo o ocupe unha persoa desempregada con título universitario, o incentivo será de ata 6.600 €, e de tratarse dunha muller con titulación universitaria de ata 7.200 €.</p> <p>Cando as contratacións se realicen con mozos menores de 30 anos, os incentivos anteriores incrementarase en 300 €.</p> <p>Poderán ser obxecto da modalidade de axuda os postos de traballo estables de carácter indefinido creados antes de transcorrer un ano desde a data de inicio da actividade, sendo subvencionables as contratacións realizadas entre o 16/09/2008 e o 15/09/2009.</p>

Subvención para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación:

Para a contratación de persoal experto técnico de alta cualificación poderá concedérselles unha subvención cuxa contía será equivalente ao 50% dos custos laborais totais, incluídas as cotizacións á Seguridade Social por todos os conceptos, segundo a duración do contrato, cun máximo de 12 mensualidades.

A subvención terá como límite máximo, por todas as contratacións, a contía de 30.000 €.

Serán subvencionables as contratacións realizadas antes de transcorrer un ano desde a data de inicio da actividade, sendo subvencionables as contratacións realizadas entre o 16/09/2008 e o 15/09/2009.

Apoio á función xerencial:

O apoio xerencial poderá consistir nas seguintes modalidades de:

- a) Titoría.
- b) Formación.
- c) Realización externa de estudos e informes sobre a actividade.

O gasto orixinado polo apoio á función xerencial deberá producirse e ser efectivamente xustificado no primeiro ano de actividade, mediante facturas e documentos acreditativos de pago destes.

A contía do incentivo para ou apoiar a función xerencial, que se pagará por unha soa vez, será de ata o 75 por 100 dos custos dos servizos recibidos, cun límite máximo de 12.000 € polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas.

Subvención financeira:

Esta modalidade consistirá nunha subvención financeira de redución dos tipos de xuro dos préstamos necesarios para a creación e posta en marcha das empresas cualificadas como IEBT, dirixida a financiar investimentos en activo fixo. Non obstante, poderanse destinar ata un 25% do préstamo para financiar o activo circulante.

Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade:

Esta modalidade consistirá nunha axuda de ata un 60% dos gastos necesarios para o inicio e posta en marcha da actividade.

O importe máximo desta modalidade de axuda determinarase en atención ao número de postos de traballo estables creados.

En ningún caso o importe desta axuda poderá superar a contía de 9.000 € por posto de traballo estable creado.

Esta axuda irá destinada a sufragar os gastos necesarios derivados do inicio e posta en marcha da actividade. Serán subvencionables, a través desta axuda, os gastos de constitución, os gastos pola compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, alugamento do local, gastos de seguro do local, man de obra empregada na reforma ou adecuación do local, alugamento de equipos informáticos e maquinaria, publicidade e subministracións; sempre que se realicen e sexan efectivamente xustificadas no primeiro ano de actividade, mediante facturas e documentos acreditativos do pago destas.

En ningún caso serán subvencionables a través da axuda regulada neste artigo os gastos que poidan ser considerados como investimentos en activo fixo.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo xeral de presentación das solicitudes finalizará o 15 de setembro de 2009. Non obstante, débense respectar os prazos específicos para cada modalidade de axuda.

REFERENCIA LEXISLATIVA

Orde do 18 de febreiro de 2009 (DOG nº 41 do 27/02/2009) – Bases reguladoras e convocatoria 2009.

**TÍTULO DA
AXUDA**

**PROGRAMA DE APOIO ÁS INICIATIVAS LO-
CAIS DE EMPREGO: ILE**

ORGANISMO

CONSELLERÍA DE TRABALLO

OBXECTO

Fomentar e promover a creación de empresas innovadoras, económicas e financeiramente viables, que xeren emprego estable en ámbito local e no medio rural.

Tipos de apoio:

- **Subvención á creación directa de emprego estable**
- **Subvención para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación**
- **Apoio á función xerencial**
- **Subvención financeira**
- **Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade**

BENEFICIARIOS

Entre outros, autónomos cuxa actividade cumpra a seguinte condición: que obtiveran a cualificación como iniciativa de emprego, local ou rural, e non transcorreran máis dun ano desde a notificación da resolución da cualificación.

**CONTÍA DAS
AXUDAS**

Subvención á creación directa de emprego estable

Os postos de traballo de carácter indefinido creados, incluídos os dos propios promotores, deberán ser ocupados por persoas desempregadas inscritas como tales no Servizo Público de Emprego. A contía será:

4.800 € homes

5.400 € muller

Estas contías incrementaranse en 300 € para mozos menores de 30 anos. Para persoas discapacitadas a contía será de 6.000 €.

Subvención para a contratación de expertos técnicos de alta cualificación

Equivalente ao 50% dos custos laborais totais. A subvención terá como límite máximo, por todas as contratacións, unha contía de 18.000 €.

Apoio á función xerencial

O apoio poderá consistir nas modalidades de titoría, formación e realización externa de estudos e informes sobre a actividade.

A contía será de ata o 75% do custo dos servizos recibidos, con límite máximo de 12.000 € polo conxunto das modalidades de asistencia técnica previstas.

Subvención financeira

O 75% do préstamo deberá destinarse a financiar investimentos en inmovilizado fixo, podendo destinarse ata un 25% a financiar o activo circulante. Deberá acreditarse un investimento en inmovilizado fixo por importe non inferior a 3.000 € (sen incluír o IVE) realizado entre os 3 meses anteriores ao inicio da actividade e os 6 posteriores.

Esta subvención será como máximo de seis puntos do tipo de xuro fixado pola entidade financeira que conceda o préstamo, sen que en ningún caso o tipo de xuro que deba satisfacer o beneficiario, despois de calculada a subsidiación, poida resultar inferior a un punto. O importe desta subvención deberá destinarse á amortización do principal do préstamo.

Terá como límite a contía de 5.100 € por emprego estable creado.

Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade:

Esta axuda consistirá nunha subvención para o financiamento dos gastos necesarios para o inicio e posta en marcha da actividade. O importe máximo desta axuda determinarase en atención ao número de postos de traballo estables para desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego que se van crear ata o 30 de abril de 2009, de acordo coa seguinte escala:

- De 1 a 2 postos de traballo: 18.000 €.
- De 3 a 10 postos de traballo: 30.000 €.
- De 11 a 20 postos de traballo: 42.000 €.
- 21 ou máis postos de traballo: 54.000 €.

O importe da axuda non poderá superar a contía de 6.000 € por posto de traballo estable creado, excepto no suposto que sexa ocupado por un home menor de 30 anos ou por unha muller, que poderá alcanzar a contía de 9.000 €.

Serán subvencionables os gastos:

- De constitución.
- Compra de mercadorías e materias primas.
- Alugamento do local e maquinaria.
- Man de obra empregada na reforma ou adecuación do local.
- Publicidade.
- Subministracións.

Actividades vinculadas aos novos viveiros de emprego:

Terán dereito a un incremento do 10% da contía da subvención para o incremento da creación de posto de traballo estable.

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN**

Finalizou o 30 de abril de 2009.

**REFERENCIA
LEXISLATIVA**

Orde do 30 de decembro de 2008 (DOG N° 10 do 15/01/2009)
- Bases e convocatoria 2009.

TÍTULO DA AXUDA	<i>CAPITALIZACIÓN DO PAGO ÚNICO DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO</i>
ORGANISMO	INEM
OBXECTO	Facilitar a posta en marcha de iniciativas de autoemprego que consistan ben en iniciar unha actividade laboral por conta propia, ben en incorporarse como socio traballador ou de traballo en cooperativas ou sociedades laborais. Estas, poden estar xa en funcionamento, como ser de nova creación.
BENEFICIARIOS	<p>Aquelas persoas desempregadas que vaian iniciar unha das seguintes actividades profesionais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Inicio dunha actividade como traballador autónomo. - Constitución dunha cooperativa ou sociedade laboral, en calidade de socio traballador ou de traballo estable. - Incorporación a unha cooperativa ou sociedade laboral, en calidade de socio traballador ou de traballo estable. Sempre que previamente non teña prestado servizos para a entidade durante máis de 24 meses. <p>Ademais de poñer en marcha unha destas actividades, para poder optar ao pago único da prestación por desemprego, haberá que reunir os seguintes requisitos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non ter iniciado aínda a actividade para a que se solicita o pago único nin figurar de alta na Seguridade Social para o seu exercicio. - Ser perceptor dunha prestación de desemprego de nivel contributivo por ter cesado de forma definitiva na súa relación laboral. - Ter, como mínimo, tres meses de prestación pendentes de percibir. - Non ter obtido este mesmo dereito nos 4 anos anteriores á data de solicitude. - Iniciar a actividade no prazo máximo dun mes desde a concesión do dereito..

CONTÍA DAS AXUDAS

Se a finalidade das mesmas é realizar unha actividade como traballador autónomo:

- Pode solicitar nun único pago a cantidade que se xustifique como investimento necesario para iniciar a actividade. Esta cantidade non poderá superar o 60% da prestación pendente de percibir nese momento. Caso excepcional é o dos traballadores cun grao de minusvalía acreditado igual ou superior ao 33%, a quen non lles será de aplicación o anterior límite.

O Goberno ten previsto incrementar este límite ata o 80% para a xente nova ata 30 anos e as mulleres ata 35.

No caso de que a cantidade recibida na modalidade de pago único sexa inferior ao total da prestación pendente, poderase solicitar de xeito simultáneo a parte restante para financiar o custo das cotas da Seguridade Social.

- É posible solicitar unicamente a cantidade xustificada como investimento necesario para iniciar a actividade.
- Tamén é posible solicitar unicamente a prestación pendente, como forma de financiamento do custo das cotas da Seguridade Social.

Se a finalidade é comezar a traballar nunha cooperativa, sexa de nova creación ou xa existente, como socio traballador ou de traballo estable:

- Pode solicitar nun único pago a cantidade correspondente á achega obrigatoria (ou no seu caso voluntaria) e á cota de ingreso, necesarias para adquirir a condición de cooperativista.

Non poderá utilizarse para financiar desembolsos futuros nin pagos aprazados.

No caso de que a cantidade recibida na modalidade de pago único sexa inferior ao total da prestación pendente, poderase solicitar de xeito simultáneo a parte restante para financiar o custo das cotas da Seguridade Social.

É posible solicitar unicamente a cantidade xustificada como desembolso necesario para adquirir a condición de socio.

- Tamén é posible solicitar unicamente a prestación pendente, como forma de financiamento do custo das cotas da Seguridade Social.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

A solicitude do pago único da prestación por desemprego deberá ser anterior, en todo caso, ao inicio da actividade como autónomo, así como á constitución ou incorporación a unha cooperativa ou sociedade laboral.

O lugar de presentación das solicitudes será a oficina de emprego que corresponda. Xunto a ela haberá que achegar a solicitude de alta inicial ou reanudación da prestación contributiva por desemprego.

Por último, na solicitude do pago único, haberá que indicar as modalidades solicitadas para dito pago único, en función da actividade que se vaia desenvolver. Así como aquelas outras ás que se renuncia.

REFERENCIA LEXISLATIVA

Real Decreto 200/2006, do 17 de febreiro, polo que se modifica o Real Decreto 625/1985, do 2 de abril, que desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego.

TÍTULO DA AXUDA	<i>PROGRAMA DE APOIO AO CIRCULANTE</i>
ORGANISMO	IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica
OBXECTO	Pólizas de crédito ou préstamo que se destinen ao financiamento do activo corrente.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que poidan levar a cabo as actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Importe do préstamo/crédito:</p> <p>O importe máximo de préstamo/crédito subsidiable será de 600.000 €. Excepcionalmente, naqueles casos en que o Igape o xulgue de especial interese socioeconómico poderanse contemplar importes superiores. O importe mínimo atendible será de 3.000 €.</p> <p>Prazo máximo de amortización:</p> <p>O prazo máximo en calquera das modalidades será de tres anos. Non obstante, na modalidade de póliza de crédito a subsidiación de intereses limítase ao primeiro ano de vixencia.</p> <p>Tipo de xuro nominal anual:</p> <p>Euríbor a 6 meses + tipo adicional pactado entre as partes (o tipo adicional non poderá exceder de 1,50 puntos cando a operación estea avalada por unha SGR e de 2,00 no resto dos casos).</p> <p>Comisións:</p> <p>As entidades financeiras prestamistas poderán percibir unha comisión de apertura máxima dun 1% e as SGR unha comisión de estudo máxima dun 0,50%.</p>

Axuda do Igape:

Subsidiación ao tipo de xuro dun máximo de 1,50 puntos porcentuais no caso de operacións avaladas por unha SGR e 2,00 puntos no resto dos casos. En calquera caso, os puntos de subsidiación non superarán o tipo adicional pactado.

Subvención da comisión do aval financeiro prestado pola SGR.

Subvención do 50% da comisión de estudo da SGR e apertura da entidade financeira.

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN**

Finaliza o 31 de decembro de 2009.

**REFERENCIA
LEXISLATIVA**

Resolución do 4 de novembro de 2008 (DOG N° 215 do 05/11/2008)
- Bases reguladoras.

Resolución do 4 de novembro de 2008 (DOG N° 217 do 07/11/2008)
- Corrección de erros.

Resolución do 26 de novembro de 2008 (DOG N° 236 do 04/12/2008) - Adhesión entidade financeira.

Resolución do 23 de xaneiro de 2009 (DOG N° 19 do 28/01/2009)
- Modificación das bases.

Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG N° 29 do 11/02/2009)
- Ampliación orzamento.

Resolución do 13 de febreiro de 2009 (DOG N° 31 do 13/02/2009)
- Adhesión entidade financeira.

Resolución do 13 de febreiro de 2009 (DOG N° 36 do 20/02/2009)
- Modificación do límite de minimis.

Resolución do 20 de marzo de 2009 (DOG N° 61 do 30/03/2009)
- Modificación das actividades subveniconables.

Resolución do 6 de abril de 2009 (DOG N° 77 do 22/04/2009)
- Adhesión entidade financeira.

TÍTULO DA AXUDA	<i>PRÉSTAMOS DO IGAPE PARA FINANCIAR PROXECTOS DE INVESTIMENTO EN GALICIA CON FONDOS DO BANCO EUROPEO DE INVESTIMENTOS (BEI)</i>
ORGANISMO	IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica
OBXECTO	Financiar proxectos de investimentos na Comunidade Autónoma de Galicia con Fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI).
BENEFICIARIOS	<p>Os prestameiros serán empresas promotoras de investimentos elixibles que teñan a consideración de Peme independente.</p> <p>Recibirán a consideración de Peme aquelas empresas nas que o seu número de empregados en nómina a tempo completo non sexa superior a 250.</p> <p>Así mesmo, considéranse Pemes “independentes” aquelas que:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non teñan máis do 25% do seu capital en mans dunha ou varias sociedades; - Se o 25% ou máis do seu capital pertenza a outras empresas, sempre que o número total de empregados do grupo consolidado sexa inferior a 250 persoas; - Se o 25% ou máis do capital pertence a un ente local, sempre que este teña menos de 5.000 habitantes e un orzamento anual inferior a 10 millóns de euros; - Se o 25% ou máis do seu capital pertence a empresas ou institucións que se adecúan ás excepcións recollidas no número 2º do artigo 3 da Recomendación da Comisión 2003/361/CE do 6 de maio de 2003. É dicir: sociedades de capital risco ou grupos de persoas físicas que practican unha actividade regular de investimento en capital-risco sempre que o seu investimento total nunha mesma empresa non sexa superior a 1.250.000 €; universidades ou centros de investigación sen fin de lucro; e investidores institucionais incluíndo, os fondos de desenvolvemento rexional.

CONTÍA DAS AXUDAS

Os proxectos deberán previr novos investimentos ou intervencións de ampliación ou mellora de instalacións existentes, para realizar na Comunidade Autónoma de Galicia.

Só se poderán financiar con fondos do préstamo aqueles proxectos cuxo investimento financiable estea comprendido entre 240.000 e 25.000.000 €. A suma do financiamento para cada proxecto máis as potenciais subvencións non excederán en ningún momento o 100% do custo do proxecto.

Os préstamos que conceda o Igape terán un prazo mínimo de amortización de 24 meses e máximo ata o permitido no Decreto 133/2002, do 11 de abril (12 anos) sen que en ningún caso poida superar a vida económica e técnica dos bens financiados. Poderase establecer un prazo de carencia máxima de 4 anos.

O tipo de xuro variará por semestres naturais: Euríbor a prazo de 6 meses + 0,50 p.p.

Os préstamos que conceda o Igape producirán unha única comisión, no momento da súa formalización, do 1% do capital formalizado.

Os investimentos e gastos que poden ser obxecto de financiamento son: A adquisición de activos materiais, os investimentos relacionados con activos inmateriais e o aumento con carácter permanente do capital circulante necesario para o crecemento do negocio.

No caso de investimentos das empresas que cumpran individualmente cos límites de Peme pero non cumpran cos criterios de independencia, dito prazo iniciarase con posterioridade á recepción da notificación do Igape da ELIXIBILIDADE do proxecto.

48

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Finaliza o 31 de decembro de 2010.

REFERENCIA LEXISLATIVA

Resolución do 16 de marzo de 2009 (DOG N° 58 do 25/03/2009)
- Programa de préstamos do BEI.

Decreto 133/2002 do 11 de abril de 2009 (DOG N° 78 do 23/04/2002) – Decreto de préstamos do Igape.

Resolución do 23 de decembro de 2008 (DOG N° 253 de 31/12/2008) – Modificación do programa de préstamos.

TÍTULO DA AXUDA	<i>PRÉSTAMOS DO IGAPE PARA FINANCIAR PROXECTOS EMPRENDEDORES</i>
ORGANISMO	IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica
OBXECTO	Contribuír ao financiamento de proxectos emprendedores e iniciativas innovadoras na Comunidade Autónoma de Galicia.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos de acordo cos requisitos e condicións que se establecen na orde da convocatoria.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Préstamo directo:</p> <p>Importe do préstamo: mínimo 25.000 € e máximo 600.000 €.</p> <p>Préstamo de ata o 50% do orzamento do proxecto.</p> <p>Tipo de xuro: Euríbor 6 meses + 0,50 p. p.</p> <p>Prazo de amortización: ata 7 anos.</p> <p>Garantías: o Igape tomará as garantías que considere axeitadas segundo as características de cada operación.</p>
PRAZO DE PRESENTACIÓN	Ata que se publique a súa derogación expresa.
REFERENCIA LEXISLATIVA	<p>Resolución do 24 de marzo de 2003 (DOG N° 63 do 31/03/03).</p> <p>Resolución do 14 de decembro de 2004 (DOG N° 247 do 22/12/2004).</p> <p>Resolución do 3 de maio de 2005 (DOG N° 97 do 23/05/2005) – Modificación.</p> <p>Resolución do 19 de abril de 2006 (DOG N° 81 do 27/04/2006) – Modificación.</p> <p>Resolución do 13 de decembro de 2006 (DOG N° 245 do 22/12/2006) - Tipo de xuro do 1º semestre de 2007.</p> <p>Resolución do 19 de decembro de 2007 (DOG N° 246 do 22/12/2007) - Tipo de xuro do 1º semestre de 2008.</p> <p>Resolución do 20 de xuño de 2008 (DOG N° 123 do 26/06/2008) - Tipo de xuro 2º semestre 2008.</p>

**TÍTULO DA
AXUDA****REGULACIÓN DE AVAIS****ORGANISMO**

IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica

OBXECTO

Prestación de avais a empresas beneficiarias diante das entidades de crédito ou establecementos financeiros legalmente establecidos. Os avais terán como finalidade: apoiar plans de viabilidade de empresas, apoiar accións que sexan consecuencia de plans e programas sectoriais de competitividade, así como aquelas que, con finalidade, poñan en marcha empresas ou grupos empresariais de especial interese socioeconómico para Galicia; así como avais para o apoio e promoción de novas empresas ou ampliación das existentes.

BENEFICIARIOS

Entre outros, autónomos que cumpran as seguintes condicións: tendo o domicilio da súa actividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, destinen integramente os créditos e liñas de financiamento que se avalan á creación, ampliación, reconversión e reestruturación delas, dentro do plan económico-financeiro para o efecto elaborado.

**CONTÍA DAS
AXUDAS**

Os avais axustaranse aos seguintes límites:

Non excederán para cada caso do 5% da contía global establecida na lei de orzamentos de cada ano para os avais do Igape.

Poderán garantir incluso o cento por cento do principal dos créditos e demais liñas ou operacións financeiras destinadas á reconversión ou reestruturación de empresas e ata o setenta por cento dos destinados á creación ou ampliación.

Respecto dos intereses, aplicarase o que se determine no contrato do aval.

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN**

Ata que non se publique a súa derogación.

**REFERENCIA
LEXISLATIVA**

Decreto 284/1994, do 15 de setembro de 1994 (DOG do venres 30 de setembro de 1994).

Decreto 132/1995, do 10 de maio de 1995 (DOG do luns 15 de maio de 1995).

Resolución do 10 de xullo de 1995 (DOG do martes 18 de xullo de 1995).

Decreto 302/1999, do 17 de novembro de 1999 (DOG do xoves 25 de novembro de 1999).

TÍTULO DA AXUDA	<i>AXUDAS DE SALVAMENTO E REESTRUTURACIÓN DE EMPRESAS EN CRISE</i>
ORGANISMO	IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica
OBXECTO	Favorecer a volta á viabilidade técnica e económica das empresas galegas que se encontren nunha situación de crise, mediante a concesión de axudas de salvamento e/ou reestruturación.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que encontrándose en situación de dificultade e sendo incapaces de reestruturarse cos seus propios recursos ou con fondos obtidos dos seus accionistas ou acredores, pretendan acometer un plan de reestruturación que asegure a súa viabilidade futura.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Axudas de salvamento:</p> <p>Concesión de garantías sobre préstamos ou créditos a curto prazo, cuxo destino será o financiamento dos gastos de funcionamento e o seu importe restrinxirase ao estrictamente necesario para manter a empresa en funcionamento ata a presentación dun plan de reestruturación ou de liquidación.</p> <p>Axudas de reestruturación:</p> <p>Garantías de como máximo o 70% sobre préstamos ou créditos.</p> <p>Subvencións a fondo perdido dos gastos financeiros de préstamos a longo prazo destinados á reestruturación de pasivos.</p> <p>Subvencións a fondo perdido dos gastos financeiros de préstamos a longo prazo concertados por persoas físicas ou xurídicas destinados á ampliación de capital das sociedades en crise.</p> <p>Subvención a fondo perdido dos custos externos de elaboración do plan de reestruturación de empresas en crise acollidas a estas bases, cando se comprobe que a empresa non está en condicións de soportar ditos custos.</p>

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN**

Teñen vixencia indefinida, ata que no se publique a súa derogación expresa.

**REFERENCIA
LEXISLATIVA**

Resolución do 26 de decembro de 2005 (DOG N° 3 do 04/01/06)
– Bases.

Corrección de erros - Resolución do 26 de decembro de 2005 (DOG N° 7 do 11/01/06).

Resolución do 19 de abril de 2006 (DOG N° 81 do 27/04/2006)
- Modificación das bases.

Resolución do 31 de xullo de 2007 (DOG N° 153 do 08/08/2007)
- Crédito dispoñible.

TÍTULO DA AXUDA	LIÑA ICO PLAN AVANZA PARA O FOMENTO DO USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN
ORGANISMO	Instituto de Crédito Oficial (ICO)
OBXECTO	Fomentar o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que cumpran as seguintes condicións: que non dispoñan de conexión a Internet con banda ancha e realicen investimento en equipamento para a súa conexión a Internet en banda ancha. Así como aquelas que, dispoñendo de esta conexión, realicen investimentos en software e hardware destinados a mellorar os seus procesos empresariais ou a implantar o negocio e a factura electrónica.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Financiarase ata o 100% do investimento, excluído o IVE, cun máximo de 200.000 € por beneficiario final e ano natural.</p> <p>Prazo de amortización: 36 meses, con posibilidade de 3 meses de carencia incluídos, e liquidacións lineais e mensuais.</p> <p>Tipo de xuro fixo: 0%.</p> <p>Finánciase a compra de produtos electrónicos, informáticos e de telecomunicacións, incluíndo hardware, software, aplicacións, servizos e contidos para:</p> <p>Acceso a Internet en banda ancha: poderá financiarse a alta ao servizo de conexión a Internet en banda ancha, pero non os consumos mensuais, e os produtos de acceso, incluídos os de seguridade.</p> <p>Presenza na Internet, incluída a elaboración de páxina Web e portais de empresa.</p> <p>Incorporación das TIC aos procesos empresariais, mediante ferramentas de xestión avanzada: CRM (Sistemas de xestión de clientes), ERP (Sistemas de xestión empresarial), Sistemas de cadea de subministración, Sistemas de xestión documental, etc.</p> <p>Comercio electrónico e facturación electrónica, mediante aplicacións e servizos que faciliten a realización por parte das PEMES de transaccións electrónicas con outros axentes, incluídas as Administracións Públicas.</p>
PRAZO DE PRESENTACIÓN	Ata o 31 de decembro de 2010 ou ata o esgotamento dos fondos no seu caso.

TÍTULO DA AXUDA	LIÑA ICO PEME
ORGANISMO	Instituto de Crédito Oficial (ICO)
OBXECTO	Apoiar e financiar, en condicións preferentes, o desenvolvemento de proxectos de investimento dos autónomos e as pequenas e medianas empresas españolas.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que cumpran as seguintes condicións: <ul style="list-style-type: none"> - Menos de 250 empregados. - Volume de negocio anual non superior a 50 millóns de € e/ou cifra de balance xeral non superior a 43 millóns de €. - Non participar ou estar participada nun 25% ou máis por empresa ou conxunto de empresas que non cumpran os requisitos anteriores.
CONTÍA DAS AXUDAS	1,5 millóns de € por cliente e ano, xa sexa nunha operación ou en varias. <p>Tipo de xuro</p> <p>A.- FINANCIAMENTO DE ACTIVOS FIXOS PRODUTIVOS:</p> <p>Para operacións con Aval SGR (1):</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fixo. Referencia ICO, máis ata 1,50%. • Variable. Referencia ICO, máis ata 1,50%. <p>Para operacións sen Aval SGR:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fixo. Referencia ICO, máis ata 1,75%. • Variable. Referencia ICO, máis ata 1,75%. <p>B.- FINANCIAMENTO COMPLEMENTARIO:</p> <p>Para operacións con Aval SGR:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fixo. Referencia ICO, máis ata 1,79%. • Variable. Referencia ICO, máis ata 1,79%. <p>Para operacións sen Aval SGR:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fixo. Referencia ICO, máis ata 2,04%. • Variable. Referencia ICO, máis ata 2,04%.

Plazos de amortización

O cliente pode elixir entre:

A.- FINANCIAMENTO DE ACTIVOS FIXOS PRODUTIVOS:

- 3 anos sen carencia.
- 5 anos sen carencia ou cun período de carencia do principal de 1 ano.
- 7 anos sen carencia ou cun período de carencia do principal de 2 anos.
- 10 anos sen carencia ou cun período de carencia do principal de 3 anos.

B.- FINANCIAMENTO COMPLEMENTARIO

- 3 anos sen carencia do principal

Comisións

O tipo de xuro que o ICO comunica é TAE e as Entidades de Crédito non poden cobrar cantidade algunha en concepto de comisións, tales como apertura, estudo ou de dispoñibilidade.

Modalidade do contrato

Préstamo ou leasing para o financiamento en activos fixos e préstamo para o financiamento complementario.

Cancelación anticipada voluntaria

O cliente poderá efectuar, con acordo da entidade de crédito, a cancelación anticipada total ou parcial da operación de préstamo/leasing, nas condicións seguintes:

Tipo variable: non se imputará penalización.

Tipo fixo: o cliente deberá pagar:

1.- Para operacións con garantía hipotecaria:

- 0,50% flat sobre o importe cancelado, se a cancelación se produce durante os 5 primeiros anos.
- 0,25% flat sobre o importe cancelado, se a cancelación se produce a partir do quinto ano.

2.- Resto operacións a tipo fixo:

- 1% flat sobre o importe cancelado.

En todos os casos, se a amortización anticipada se produce durante os dous primeiros anos do financiamento, aplicarase unha comisión en función do momento da cancelación.

Finánciase ata o 100% do proxecto de investimento, coas limitacións e condicións seguintes:

- O financiamento complementario está ligado ao financiamento en activos fixos e non á inversa.
- O financiamento en activos fixos debe representar, como mínimo, o 60% do total do financiamento.

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN**

Ata o 21 de decembro de 2009 ou ata ou consumo dos fondos dispoñibles, se fose anterior á data indicada.

TÍTULO DA AXUDA	LIÑA ICO EMPRENDEDORES
ORGANISMO	Instituto de Crédito Oficial (ICO)
OBXECTO	Financia, en condicións preferentes, aos autónomos e emprendedores que poñan en marcha novas empresas ou novas actividades profesionais.
BENEFICIARIOS	<p>Entre outros, autónomos que cumpran as seguintes condicións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ter sido constituída, ou dada de alta no Imposto de Actividades Económicas no caso de profesionais autónomos, a partir do 1 de xaneiro de 2008. - Empregar de 1 a 9 traballadores a 31 de decembro de 2008. - Ter unha facturación e/ou balance xeral anual non superior a 2 millóns de €, a 31 de decembro de 2008. - Non pertencer a un grupo empresarial ou económico, nin consolidar contas anuais.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Importe máximo de financiamento por cliente</p> <p>200.000 € por cliente e ano, xa sexa nunha operación ou en varias. O importe máximo financiable será o 90% do proxecto de investimento neto (IVE e outros impostos excluídos).</p> <p>Tipo de xuro</p> <p>O cliente pode optar entre:</p> <p>Para operacións con Aval SGR:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fixo. Referencia ICO, máis ata 1,89%. • Variable. Referencia ICO, máis ata 1,89%. <p>Para operacións sen Aval SGR:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fixo. Referencia ICO, máis ata 2,14%. • Variable. Referencia ICO, máis ata 2,14%.

Bonificación do ICO

Operacións formalizadas sen AVAL SGR:

O ICO bonificará con 1,25% o tipo de xuro que será aplicado á amortización anticipada de capital. O importe correspondente desta bonificación é de 37 € por cada 1.000 € de financiamento.

Operacións formalizadas con AVAL SGR:

O cliente poderá optar por formalizar a operación con AVAL SGR, cuxo custo será de 1 p.p.

O ICO bonificará con 1 p.p. estas operacións, aplicándose esta bonificación ao pago a CESGAR do custo do aval.

Prazos de amortización

O cliente pode elixir entre:

- 3 anos sen carencia.
- 5 anos sen carencia ou cun período de carencia do principal de 1 ano.
- 7 anos sen carencia ou cun período de carencia do principal de 2 anos.

Comisións

O tipo de xuro que o ICO comunica é TAE e as Entidades de Crédito non poden cobrar cantidade algunha en concepto de comisións, tales como apertura, estudo ou de dispoñibilidade.

Modalidade do contrato**Préstamo ou leasing.****Cancelación anticipada voluntaria**

O cliente poderá efectuar, con acordo da entidade de crédito, a cancelación anticipada total ou parcial da operación de préstamo/leasing, nas condicións seguintes:

- Tipo variable: non se imputará penalización.
- Tipo fixo: o cliente deberá pagar:
 - 1.- Para operacións con garantía hipotecaria:
 - 0,50% flat sobre o importe cancelado, se a cancelación se produce durante os 5 primeiros anos.
 - 0,25% flat sobre o importe cancelado, se a cancelación se produce a partir do quinto ano.
 - 2.- Resto operacións a tipo fixo:
 - 1% flat sobre o importe cancelado.

En todos os casos, se a amortización anticipada se produce durante os dous primeiros anos do financiamento, aplicarase unha comisión en función do momento da cancelación.

Fináncianse activos fixos novos produtivos.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Ata o 21 de decembro de 2009 ou ata consumo dos fondos dispoñibles, se fose anterior á data indicada.

**TÍTULO DA
AXUDA**

LINEA ICO CRECIMIENTO EMPRESARIAL

ORGANISMO

Instituto de Crédito Oficial (ICO)

OBXECTO

Apoiar e financiar empresas que realicen proxectos de investimento ambiciosos.

BENEFICIARIOS

Entre outros, autónomos con independencia do seu volume de facturación ou balance xeral.

**CONTÍA DAS
AXUDAS**

Importe máximo de financiamento

O importe máximo financiable será do 80% do proxecto de investimento neto.

Importe máximo de financiamento por cliente

6 millóns de € por cliente e ano, xa sexa nunha única operación ou en varias.

En caso de que o cliente obtivera financiamento na Liña ICO-PEME 2009, o importe de financiamento obtido nas dúas liñas non poderá ser superior a 6 millóns de €.

Tipo de xuro

O cliente pode optar entre:

- Fixo. Referencia ICO, máis ata 1,99%.
- Variable. Referencia ICO, máis ata 1,99%.

Plazos de amortización

O cliente pode elixir entre:

- 7 anos sen carencia ou cun período de carencia do principal de 2 anos.
- 10 anos sen carencia ou cun período de carencia do principal de 3 anos.

Modalidade do contrato

Préstamo ou leasing.

Comisións

O tipo de xuro que o ICO comunica é TAE e as Entidades de Crédito non poden cobrar cantidade algunha en concepto de comisións, tales como apertura, estudo ou dispoñibilidade.

Cancelación anticipada voluntaria

O cliente poderá efectuar, con acordo da entidade de crédito, a cancelación anticipada, total ou parcial, da operación de préstamo/leasing, nas condicións seguintes:

- Tipo variable: non se imputará penalización.
- Tipo fixo: o cliente deberá pagar.
 - 1.- Para operacións con garantía hipotecaria:
 - 0,50% flat sobre o importe cancelado, se a cancelación se produce durante os 5 primeiros anos.
 - 0,25% flat sobre o importe cancelado, se a cancelación se produce a partir do quinto ano.
 - 2.- Resto operacións a tipo fixo:
 - 1% flat sobre o importe cancelado.

En todos os casos, se a amortización anticipada se produce durante os dous primeiros anos do financiamento, aplicarase unha comisión en función do momento da cancelación.

Financiaranse activos fixos novos.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Ata o 21 de decembro de 2009, ou ata o consumo dos fondos dispoñibles, se fose anterior á data indicada.

**TÍTULO DA
AXUDA**

LIÑA ICO LIQUIDEZ

ORGANISMO

Instituto de Crédito Oficial (ICO)

OBXECTO

Facilitar o financiamento de circulante.

BENEFICIARIOS

Entre outros, autónomos que cumpran as seguintes condicións:

- Menos de 250 empregados.
- Volume de negocio anual non superior a 50 millóns de € e/ou cifra de balance xeral non superior a 43 millóns de euros.
- Non participar ou estar participada nun 25% ou máis por empresa ou conxunto de empresas que non cumpran os criterios antes citados.
- Estar ao corrente de pago coa Entidade de Crédito concedente.

**CONTÍA DAS
AXUDAS**

Prazo de amortización e liquidación de intereses

Contémplanse dúas modalidades de amortización:

- Modalidade A: 3 anos, incluídos 6 meses de carencia mínima de principal, con periodicidade de amortización e liquidación de intereses a determinar entre a Entidade de Crédito e o cliente.
- Modalidade B: 3 anos, incluído 1 ano de carencia mínima de principal, con periodicidade de amortización e liquidación de intereses a determinar entre a Entidade de Crédito e o cliente.

Importe máximo de financiamento por cliente

O importe máximo de financiamento será de 500.000 € por cliente e ano, nunha ou varias operacións.

Tipo de xuro

Tipo fixo medio dos dous tipos seguintes:

- Fixo, Referencia ICO, máis a marxe que se aplique.
- Variable, Referencia ICO, máis a marxe que se aplique.

CONTÍA DAS AXUDAS

Poderase aplicar á operación unha das catro marxes seguintes:

- 2,00%.
- 2,50%.
- 3,00%.
- 3,50%.

En calquera caso, o tipo de xuro final aplicable ao CLIENTE no tramo financiado con fondos da Entidade de Crédito (tipo Referencia Entidade de Crédito + 2%, 2,5%, 3% ou 3,5%), non poderá ser superior en máis dun 1,50%, ao tipo de xuro final aplicable ao CLIENTE no tramo financiado con fondos ICO (tipo Referencia ICO + 2%, 2,5%, 3% ou 3,5%).

Comisións

0,40% sobre o importe disposto.

Cancelación anticipada voluntaria

Por acordo entre o Cliente e a Entidade de Crédito, poderase realizar, no momento que as partes acorden, a cancelación anticipada, total ou parcial, da operación de préstamo, nas condicións seguintes:

- 1.- Para operacións que se encontren dentro do ámbito da Lei 41/2007, de regulación do mercado hipotecario: 0,50% flat sobre o importe cancelado.
- 2.- Resto operacións: 1% flat sobre o importe cancelado.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Ata o 21 de decembro de 2009 ou ata o consumo dos fondos dispoñibles, se ese fose anterior á data indicada.

TÍTULO DA AXUDA	CONVENIO IGAPE-SGR-EEFF: LIÑA MICROEMPRESAS 2009 - PROGRAMA RE-IMAXINA
ORGANISMO	IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica
OBXECTO	Facilitar o acceso ao financiamento dos investimentos das microempresas.
BENEFICIARIOS	Autónomos de acordo cos requisitos e condicións que se establecen na orden da convocatoria.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Importe Financiarase ata o 100% dos investimentos, cun máximo de 25.000 euros. O risco vivo de cada empresa por operacións financeiras formalizadas ao abeiro da liña non poderá superar os 25.000 euros.</p> <p>Prazo de reembolso Será de 5 anos, incluído ata 1 ano de carencia, períodos aos que se poderá engadir os días que transcorran dende a formalización ao último día do trimestre ou mes no que se produza a mesma.</p> <p>Amortización A operación financeira poderá ser amortizada sen custo de forma anticipada, total ou parcialmente, por vontade do beneficiario. As amortizacións anticipadas parciais poderán aplicarse a reducir, en igual contía, as cotas de amortización restantes.</p> <p>As entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca adheridas non lles repercutirán aos prestameiros e avalados ningún tipo de gasto ou comisión derivados das operacións aprobadas en aplicación destas bases.</p> <p>Tipo de xuro O tipo de xuro nominal anual para as operacións acollidas a estas bases será fixo do 3,144 %.</p> <p>O proxecto investidor deberá consistir na adquisición de activos a terceiros.</p>
PRAZO DE PRESENTACIÓN	Ata o 30 de decembro de 2009.
REFERENCIA LEXISLATIVA	Resolución do 22 de xullo de 2009 (DOG N°148 do 30/07/2009) - Bases reguladoras.

TÍTULO DA AXUDA	<i>CONVENIO IGAPE-SGR-EEFF: LIÑA PEME XOVE 2009 - PROGRAMA RE-IMAXINA</i>
ORGANISMO	IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica
OBXECTO	Créditos para financiar investimentos en proxectos emprendedores galegos.
BENEFICIARIOS	Autónomos que non veñan desenvolvendo a mesma actividade para a que solicita o financiamento nun prazo superior a dous anos a contar dende a data de presentación no IGAPE, directamente ou mediante a súa participación no capital doutra sociedade que desenvolvese a mesma actividade.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Importe do préstamo Mínimo 25.000 euros e máximo 120.000 €. O risco vivo de cada empresa por operacións financeiras formalizadas ao abeiro de cada unha destas liñas non poderá superar os 120.000 euros.</p> <p>Importe subvencionable Ata o 90% dos investimentos financiáveis.</p> <p>Prazo de reembolso Entre 5 e 7 anos, incluído ata 1 ano de carencia.</p> <p>Amortización A operación financeira poderá ser amortizada sen custo de forma anticipada, total ou parcialmente, por vontade do beneficiario. As amortizacións anticipadas parciais poderán aplicarse a reducir, en igual contía, as cotas de amortización restantes.</p> <p>Comisións As entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca adheridas non lles repercutirán aos prestameiros e avalados ningún tipo de gasto ou comisión derivados das operacións aprobadas en aplicación destas bases. Os prestameiros deberán realizar, se é o caso, a achega para adherirse á sociedade de garantía recíproca que corresponda.</p> <p>Garantías da operación As operacións formalizadas ao abeiro destas bases contarán co aval dunha sociedade de garantía recíproca polo 80% do importe do financiamento.</p>

Tipo de xuro

O tipo de xuro nominal anual variará por semestres naturais e determinarase de acordo coas seguintes normas:

- a) Para o ano 2009, o tipo de xuro nominal será do 2,980 %.
- b) Para cada un dos restantes semestres naturais, o tipo de xuro nominal anual dos préstamos será o Euribor a prazo de 6 meses máis o tipo adicional de 1,5 puntos.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Ata o 30 de decembro do ano 2009.

REFERENCIA LEXISLATIVA

Resolución do 22 de xullo de 2009 (DOG N°148 do 30/07/2009)
- Bases reguladoras.

TÍTULO DA AXUDA	CONVENIO IGAPE-SGR-EFF: LIÑA PEME COMPETITIVA 2009 - PROGRAMA RE-IMAXINA
ORGANISMO	IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica
OBXECTO	Créditos para financiar investimentos que permitan mellorar a competitividade das PEMES galegas.
BENEFICIARIOS	Autónomos que veñan exercendo en Galicia por un período superior a dous anos algunha das actividades recollidas no anexo II destas bases
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Importe Mínimo 25.000 euros e máximo 120.000 €. O risco vivo de cada empresa non poderá superar os 120.000 euros. O importe dos préstamos poderá acadar ata o 75% dos investimentos financiáveis.</p> <p>Prazo de reembolso Entre 5 e 7 anos, incluído ata 1 ano de carencia.</p> <p>Amortización A operación financeira poderá ser amortizada sen custo de forma anticipada, total ou parcialmente, por vontade do beneficiario. As amortizacións anticipadas parciais poderán aplicarse a reducir, en igual contía, as cotas de amortización restantes.</p> <p>Comisións As entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca adheridas non lles repercutirán aos prestameiros e avalados ningún tipo de gasto ou comisión derivados das operacións aprobadas en aplicación destas bases. Poderán ser financiados os investimentos realizados con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2009.</p> <p>Tipo de xuro O tipo de xuro nominal anual variará por semestres naturais e determinarase de acordo coas seguintes normas:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Para o ano 2009, o tipo de xuro nominal será do 2,980%. b) Para cada un dos restantes semestres naturais, o tipo de xuro nominal anual dos préstamos será o Euribor a 6 meses máis o tipo adicional de 1,5 puntos.

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN**

Ata o 30 de decembro do ano 2009.

**REFERENCIA
LEXISLATIVA**

Resolución do 22 de xullo de 2009 (DOG N°148 do 30/07/2009)
- Bases reguladoras.

Axudas para as análises, diagnóses e estudos empresariais

TÍTULO DA AXUDA	<i>ELABORACIÓN DE DIAGNÓSTICOS EMPRESARIAIS DE CAPACIDADE DE INTERNACIONALIZACIÓN</i>
ORGANISMO	IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica
OBXECTO	A elaboración de diagnósticos empresariais da capacidade de internacionalización das empresas.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que cumpran as seguintes condicións: <ul style="list-style-type: none"> a) Desenvolver no centro radicado en Galicia calquera actividade económica subvencionable. b) En todos os casos deberán estar ao corrente das súas obrigacións coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. c) No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, incluídas as comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos.
CONTÍA DAS AXUDAS	Subvención a fondo perdido do 50% dos gastos de consultaría co límite de 4.000 € por proxecto.
PRAZO DE PRESENTACIÓN	Finaliza o 30 de xuño de 2009.
REFERENCIA LEXISLATIVA	Resolución do 9 de maio de 2008 (DOG N° 92 do 14/05/2008) - Bases reguladoras das axudas do Igape á Internacionalización. Resolución do 9 de maio de 2008. (DOG N° 107 do 04/06/2008) - Corrección de erros. Resolución do 23 de xaneiro de 2009 (DOG N° 19 do 28/01/2009) - Modificación bases. Resolución do 13 de febreiro de 2009 (DOG N° 36 do 20/02/2009) Modificación do límite de minimis.

TÍTULO DA AXUDA	<i>ELABORACIÓN DE ESTUDOS E INVESTIGACIÓN DE MERCADOS INTERNACIONAIS</i>
ORGANISMO	IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica
OBXECTO	A elaboración de estudos e investigación de mercados internacionais dirixidos a unha área xeográfica concreta e definida, cos obxecto de coñecer a viabilidade de estender o negocio á dita área.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que cumpran as seguintes condicións: que radican algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>No caso de que os beneficiarios sexan empresas, os proxectos aprobados contarán cunha subvención a fondo perdido do 50% dos gastos de consultaría presupostados polo beneficiario na súa solicitude, cos límite de 6.000 € por proxecto.</p> <p>No caso de que os beneficiarios sexan consorcios de exportación con personalidade xurídica propia, asociacións empresariais, consellos reguladores e clusters, os proxectos aprobados contarán cunha subvención a fondo perdido do 70% dos gastos de consultaría presupostados polo beneficiario na súa solicitude, co límite de 9.000 € por proxecto.</p>
PRAZO DE PRESENTACIÓN	Finaliza o 30 de xuño de 2009.
REFERENCIA LEXISLATIVA	<p>Resolución do 9 de maio de 2008 (DOG N° 92 do 14/05/2008) - Bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas e convocatoria.</p> <p>Resolución do 9 de maio de 2008 (DOG N° 107 do 04/06/2008) - Corrección de erros.</p> <p>Resolución do 23 de xaneiro de 2009 (DOG N° 19 do 28/01/2009) - Modificación bases.</p> <p>Resolución do 13 de febreiro de 2009 (DOG N° 36 do 20/02/2009) - Modificación do límite de minimis.</p>

Axudas para a participación de eventos internacionais

TÍTULO DA AXUDA	<i>ASISTENCIA TÉCNICA PARA A PARTICIPACIÓN EN LICITACIÓN PÚBLICAS INTERNACIONAIS</i>
ORGANISMO	IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica
OBXECTO	Asistencia técnica para a preparación e presentación de ofertas a licitacións e concursos convocados por institucións financeiras multilaterais (IFM) para países de fóra da UE.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que cumbran as seguintes condicións: que radicarán algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia. O solicitante terá que xustificar os efectos económicos e de incremento de actividade que xeraría en Galicia a adxudicación da licitación. Para a conformación definitiva da oferta poderán, en todo caso, asociarse con outras empresas de fóra de Galicia, que non terán a condición de beneficiarios da axuda.
CONTÍA DAS AXUDAS	Subvención do 50% dos gastos ata un máximo de axuda de 3.000 €. No caso de que o proxecto se refira a unha licitación de obra ou concesión e se esixa anteprojecto ou proxecto técnico, o límite elévase ata 30.000 €.
PRAZO DE PRESENTACIÓN	Finaliza o 30 de xuño de 2009.
REFERENCIA LEXISLATIVA	Resolución do 9 de maio de 2008 (DOG N° 92 do 14/05/2008) - Bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas e convocatoria. Resolución do 9 de maio de 2008 (DOG N° 107 do 04/06/2008) - Corrección de erros. Resolución do 23 de xaneiro de 2009 (DOG N° 19 do 28/01/2009) - Modificación bases. Resolución do 13 de febreiro de 2009 (DOG N° 36 do 20/02/2009) - Modificación do límite de minimis.

TÍTULO DA AXUDA	<i>PARTICIPACIÓN EN EVENTOS EXPOSITIVOS INTERNACIONAIS</i>
ORGANISMO	Instituto de Crédito Oficial (ICO)
OBXECTO	Facilitar a internacionalización da empresa galega, poñendo ao seu alcance liñas de axudas que apoien a súa presenza no exterior.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que teñan radicado algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.
CONTÍA DAS AXUDAS	<p>Con carácter xeral, a subvención alcanzará o 50% dos gastos subvencionables, cos seguintes límites cuantitativos de subvención:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Para conxunto dos gastos de alugamento do espazo expositivo, de alugamento do mobiliario e equipos audiovisuais e dos gastos de envío e de retorno de catálogos, produtos, caseta e outros materiais necesarios para a participación no evento: máx. 6.000 € para eventos que se van celebrar en Europa e os 9.000 € para eventos fóra de Europa. b) Gastos de viaxe e aloxamento: 1.000 € para eventos que se van celebrar en Europa e ata 2.000 € para eventos fóra de Europa. c) Gastos de servizos de interpretación no evento, tradución e impresión de folletos: 1.500 €. d) Gastos de asistencia técnica para a preparación de axenda de encontros e entrevistas: 1.500 €. e) Gastos de deseño e construción da caseta: 6.000 €.
PRAZO DE PRESENTACIÓN	Finaliza o 30 de xuño de 2009.
REFERENCIA LEXISLATIVA	<p>Resolución do 9 de maio de 2008 (DOG N° 92 do 14/05/2008) - Bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas e convocatoria.</p> <p>Resolución do 9 de maio de 2008 (DOG N° 107 do 04/06/2008) - Corrección de erros.</p> <p>Resolución do 23 de xaneiro de 2009 (DOG N° 19 do 28/01/2009) - Modificación bases.</p> <p>Resolución do 13 de febreiro de 2009 (DOG N° 36 do 20/02/2009) - Modificación do límite de minimis.</p>

TÍTULO DA AXUDA	<i>PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL</i>
ORGANISMO	Instituto de Crédito Oficial (ICO)
OBXECTO	Cooperación entre varias empresas galegas ou entre unha ou varias empresas galegas cunha ou varias estranxeiras, ben no campo da loxística, política de marca, abastecemento de insumos, transferencia de tecnoloxía, así como calquera ámbito económico ou técnico que redunde en beneficio de todas as empresas involucradas na cooperación.
BENEFICIARIOS	Entre outros, autónomos que cumbran as seguintes condicións: <ul style="list-style-type: none"> a) Desenvolver no centro radicado en Galicia calquera actividade económica subvencionable. b) Deberán estar ao corrente das súas obrigacións coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. c) No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, incluídas as comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos.
CONTÍA DAS AXUDAS	<ul style="list-style-type: none"> a) Para os gastos previstos en consultaría externa (técnica, económica ou xurídica) e gastos notariais e de rexistro necesarios no caso de formalización de acordos: subvención do 50%, cun límite máximo de 9.000 € de subvención. b) Para os gastos de viaxe e aloxamento en desprazamento internacionais: subvención do 50% da base subvencionable aprobada, cun límite máximo de 1.000€ de subvención por cada viaxe (ida e volta) no caso de destinos europeos e de 2.000 € no caso de destinos fóra de Europa. Establécese un límite máximo total en concepto de viaxes de 4.000 €.

**PRAZO DE
PRESENTACIÓN**

Finaliza o 30 de xuño de 2009.

**REFERENCIA
LEXISLATIVA**

Resolución do 9 de maio de 2008 (DOG N° 92 do 14/05/2008)
- Bases reguladoras das axudas do Igape á internacionalización das empresas galegas e convocatoria.

Resolución do 9 de maio de 2008 (DOG N° 107 do 04/06/2008)
- Corrección de erros.

Resolución do 23 de xaneiro de 2009 (DOG N° 19 do 28/01/2009)
- Modificación bases.

Resolución do 13 de febreiro de 2009 (DOG N° 36 do 20/02/2009)
- Modificación do límite de minimis